



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Concellería de Emprego

*Bases reguladoras para a subvención do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covid\_19 (PAME 3)*

##### ANUNCIO

**Bases reguladoras para a subvención do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covid\_19 (PAME 3) dirixida aos sectores da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura.**

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 29/12/2020 aprobou as Bases reguladoras para a subvención do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covid\_19 (PAME 3) e na sesión do 14/01/2021 a súa modificación, que se transcriben de seguido:

**Bases reguladoras para a subvención do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covid\_19 (PAME 3) dirixida aos sectores da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura.**

##### Base 1.- Liña estratéxica

O papel dos concellos na crise económica que nos toca vivir é clave porque a Administración do Estado e autonómica proporcionan recursos estándar que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao desenvolvemento local, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

Polo exposto, o Concello de Ferrol, como consecuencia da pandemia sanitaria producida polo COVID-19 que deriva nunha grave crise económica que afecta de forma directa ao tecido empresarial da cidade, establece como prioridade, dentro das súas competencias no ámbito do desenvolvemento económico, impulsar a actividade económica e a protección do emprego local para contribuír á reactivación económica da nosa cidade nos sectores que máis directamente sufriron esta situación, como son o tecido comercial, hostaleiro, de ocio nocturno e cultural.

##### Base 2.- Réxime xurídico

O marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol
- Bases de execución do orzamento municipal do 2018 prorrogado para o exercicio 2020.
- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### Base 3.- Obxecto e finalidade

Ten por obxecto establecer as normas específicas, no marco da Ordenanza Xeral de Subvencións deste Concello (BOP núm. 200 de 21/10/2019), polas que se rexerá a convocatoria pública das axudas e subvencións dirixidas aos sectores da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura durante a anualidade 2020.

Preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de Ferrol, dando soporte ás persoas autónomas, microempresa e pequena empresa, residentes na cidade, para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e coadxuvar para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía da nosa cidade, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas.

Por medio destas bases establécense unha liña principal de axuda:

Liña única de axuda	Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covid19, dirixida a os sectores: Restauración e Hospedaxe, Ocio nocturno, Comercio local e Cultura.(PAME 3)
---------------------	--

### Base 4.- Financiamento

A contía destinada a atender esta liña de subvención ascende a un importe total de 1.000.000€.

Non obstante establécese unha contía adicional que poderá alcanzar con carácter estimado ata os 800.000,00 €, de acordo co disposto no artigo 58.2.a.4º) do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Como esixe a citada disposición, os créditos adicionais non se atopan dispoñibles no momento da convocatoria, pero a súa dispoñibilidade prevese obter nun momento anterior á resolución de concesión por depender o aumento da consignación dunha xeración de créditos financiada cunha subvención provincial.

A distribución da contía inicial será da forma seguinte:

- Sectores da Restauración/hospedaxe, ocio nocturno e comercio local: 800.000€
- Sector Cultural: 200.000€

No caso de que non se esgote o crédito asignado a un dos sectores, poderá empregarse en calquera dos outros até completar o importe total.

Non caso de consolidarse a contía adicional, o reparto gardará a mesma proporción anterior, coa mesma posibilidade de asignación entre sectores.

O financiamento destas axudas na súa contía inicial efectuaranse con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria:

- **02104-2413-47001 201Cov03**

De acordo co disposto no artigo 58.2.b) do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito adicional e á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda, en todo caso previamente á resolución de concesión.

A declaración de dispoñibilidade dos novos créditos debe publicarse polos mesmos medios que a convocatoria, antes da resolución de concesión. Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible na

aplicación orzamentaria sinalada, queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas polos importes que correspondan.

Resoltos os expedientes presentados no prazo establecido na convocatoria e non téndose esgotado o crédito establecido na mesma, poderase acordar a novas convocatorias destas axudas, ditando, ao efecto, as normas necesarias para a súa execución no exercicio 2021.

#### **Base 5- Contía das Axudas**

**Liña única:** Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covi 19 (PAME 3)

Con base no artigo 30.7 da LXS:

**Axuda 1.-** Axudas para aboamento de cotas da seguridade social ou do réxime especial de traballadores autónomos. O importe máximo por este concepto ascende á cantidade total de 2.000€.

**Axuda 2.-** Axudas para aboamento de alugueiros de locais e cotas de préstamos hipotecarios. O importe da subvención acadará ata un máximo de 1.500 € (IVE excluído).

O importe máximo de subvención por persoa beneficiaria, pola totalidade dos conceptos, será de 3.500€.

As contías estarán condicionadas ao esgotamento do crédito da convocatoria.

#### **Base 6- Gastos subvencionables.**

Con carácter xeral, considéranse subvencionables os gastos relacionados coa actividade económica da persoa beneficiaria realizados e efectivamente pagados **dende o 01/03/2020 ata o 31/12/2020** referidos a:

- Cota do réxime especial de traballadores autónomos/calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social.
- Os gastos en alugueiros de locais e nas cotas de préstamos hipotecarios referidos aos sectores da restauración e hospedaxe, comercio local, ocio nocturno e cultura, afectos exclusivamente a unha actividade económica que se atopen emprazados no termo municipal de Ferrol. Este local deberá figurar no certificado da situación censal da actividade económica que se achega xunto á solicitude.

Os gastos poderán ser pagados a través de transferencia bancaria, domiciliación do gasto en conta corrente ou a través de recibín asinado pola persoa propietaria do local identificando nome, apelidos e DNI da mesma, sempre que, neste último caso, non se superen os límites recollidos no art. 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e presupostaria e de adecuación da normativa financeira para a intesificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, ou norma que a substitúa. Non poderán subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a persoa beneficiaria.

#### **Base 7- Solicitantes, requisitos para solicitar a subvención:**

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a súa actividade estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no **anexo I**.
- b) Que a súa actividade se desenvolva no concello de Ferrol. Para aquelas actividades sen local determinado, deberán ter o seu domicilio fiscal no concello de Ferrol.
- c) Que teña una redución igual ou superior ao 20% da facturación realizada entre o 01 de marzo e o 31 de decembro de 2020 respecto ao mesmo período do ano 2019. No caso de non poder realizar a comparativa anterior terase en conta o período da actividade e xustificarse a través dunha declaración responsable.
- d) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa. A microempresa e as pequenas empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- e) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social correspondente e en Facenda no momento da presentación da solicitude.

f) Que sexan titulares dunha actividade económica ou profesional con anterioridade á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020).

g) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e non contravir o regulado no art. 14 da nomeada lei, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse antes da resolución de concesión da subvención.

h) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Ferrol. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse antes da resolución de concesión da subvención.

i) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Ferrol, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

j) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

**Quedan excluídas** as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderán ser de tal contía que, illadamente o en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total dos gastos subvencionados.

#### **Base 8.- Concorrencia con outras subvencións**

Por tratarse de subvencións sometidas ao réxime de minimis, establecido no Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24.12.2013), non poderán concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se contempla no Regulamento (UE) 1379/2013 que establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

b) Produción primaria de produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

5.c.1) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

5.c.2) Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade da mesma se repercuta aos produtores primarios.

d) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada ao establecemento e a explotación dunha rede de distribución ou a outros gastos correntes vinculados á actividade exportadora.

e) Axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

En ningún caso, as axudas poderán superar o importe máximo total de axuda de minimis, actualmente establecido en 200.000 euros durante un período de tres exercicios fiscais para unha mesma empresa, nin individualmente, nin como resultado da acumulación con outras axudas de minimis concedidas á mesma empresa, conforme establece o Regulamento (UE) Nº 1407/2013 da Comisión, ou con outro tipo de axudas suxeitas ás regras comunitarias de axudas de Estado.

Esta axuda é compatible con calquera outra da mesma ou similar natureza procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais de conformidade co disposto no artigo 17.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Aos efectos do disposto anteriormente enténdese por “empresa” calquera entidade que exerza unha actividade económica, con independencia da súa natureza xurídica e do seu modo de financiamento.

**Base 9.- Prazo e Forma de presentación de solicitudes**

<b>Presentación:</b>	As solicitudes deberán dirixirse ao Negociado de Promoción Económica e Emprego e <b>deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos</b> a través da <b>Sede Electrónica do Concello de Ferrol</b> : - <a href="https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/">https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/</a>
<b>Prazo:</b>	<b>20 días hábiles</b> contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes deberán presentarse no **MODELO DE SOLICITUDE NORMALIZADO para a obtención das subvencións** que se poderán descargar na web do Concello de Ferrol <https://www.ferrol.gal/> e deberán acompañarse da documentación complementaria.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

Será causa de exclusión a presentación de solicitude de subvención fora do prazo establecido.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no **prazo de 5 días**, indicándolle que de non realizarse terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previsto no art. 21 da Lei 39/2015 de PAC.

**Solicitude e Documentación:**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos.

**1.- Solicitude (segundo modelo normalizado)** que deberá vir asinado pola persoa interesada ou representante legal.

**2.- Declaración responsable (segundo modelo normalizado)**

- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

- Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.

- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e non contravir o regulado no art. 14 da nomeada lei.

- Que está ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social (nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere o importe de 3.000€).

- Que a súa actividade estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no **anexo I**.

- Que a súa actividade se desenvolva no concello de Ferrol e para aquelas actividades sen local determinado, teñan domicilio fiscal no concello de Ferrol.

- Que sufriu unha baixa igual ou superior ao 20% da facturación realizada entre o 01 de marzo e o 31 de decembro de 2020 respecto ao mesmo período do ano 2019. No caso de non poder realizar a comparativa anterior terase en conta o período da actividade e xustificarse a través dunha declaración responsable.

A estes efectos, a presentación da declaración responsable implicará que o solicitante posúe documentación fidedigna suficiente para acreditar este extremo, que se compromete a conservala durante un prazo mínimo de 5 anos dende que remate o período de xustificación da axuda, e que poderá ser requirida en calquera momento por parte do Concello de Ferrol, debendo poñela á súa disposición nun prazo máximo de 10 días hábiles. A non presentación da documentación, ou a xustificación insuficiente dará orixe ao inicio de expediente de reintegro de acordo co disposto no artigo 37.1a) e c) da LXS, así como do correspondente procedemento sancionador no seu caso.

- Que se compromete a manter a súa actividade económica durante un período mínimo de 3 meses a partir do día seguinte á publicación da resolución da concesión da solicitude de subvención.

- A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras da convocatoria.

**3.- Documentación complementaria:**

- a) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte.
- b) Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade (a data de presentación da solicitude)
- c) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora (actualizados a data de presentación da solicitude).
- d) Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS). Poderá substituírse estas certificacións por unha declaración responsable para aquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere o importe de 3.000€.
- e) Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal:  
<https://www.ferrol.gal/arquivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>
- f) De ser o caso, escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro ou contrato de constitución da sociedade civil/comunidade de bens ou outras entidades económica sen personalidade xurídica.
- g) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.
- h) DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.
- i) Informe actualizado de bases de cotización e cotas subvencionadas emitido pola Tesouraría Seguridade Social da persoa traballadora autónoma ou, en caso de sociedade, de cada unha das socias polas que se solicita subvención.
- j) Contrato de alugueiro do local ou contrato do préstamo hipotecario, recibos/facturas correspondentes ao período subvencionable e xustificante bancario/recibín do seu pagamento.

**Base 10.- Procedemento e instrución do procedemento.**

1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

**Instrución:**

O Negociado de Promoción Económica e Emprego, órgano instrutor do procedemento, encargarse de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

Nomearase **unha Comisión de valoración**, encargada da avaliación das solicitudes e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

Para estes efectos a **Comisión de valoración** estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatísta e Edusi ou concelleiro/a en que delegue.
- Vocais:
  - o Un representante de cada grupo municipal do Concello de Ferrol.
- Asistencia técnica: un técnico municipal da concellería de Emprego.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz pero sen voto): persoal funcionario do Negociado de Promoción Económica

**Procedemento de concesión:**

Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrencia non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria, tramitándose a súa concesión por estrito orde de rexistro de entrada (data e hora) das solicitudes.

No caso de non presentar unha solicitude a documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a data e hora da última presentación relativa á devandita solicitude.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, até esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente:

- O órgano instructor comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas.
- A comisión de valoración emitirá informe concretando o resultado da mesma que, por conduto do órgano instructor, someterase a aprobación do órgano concederte.

### **Publicación**

Previamente a elaborar a proposta de concesión, publicaranse para os efectos de notificación na páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello, as seguintes listaxes:

a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida na Base 9 con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes outorgaráselles o prazo de 5 días hábiles para que aleguen ou, no seu caso, presenten a documentación requirida.

Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o órgano Instructor elevará a proposta de acordo para que a someta a aprobación do órgano competente e procédanse á súa posterior publicación.

### **Base 11.- Resolución, notificación e recursos**

A concesión das subvencións será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatísta e Edusi trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015 publicaranse para os efectos de notificación páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello así como na BDNS.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de seis meses a contar a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Base 12.- Obrigas das persoas e entidades beneficiarias**

Son obrigas das persoas beneficiarias de axudas:

a) Manter a súa actividade económica durante un período mínimo de 3 meses a partir do día seguinte á publicación da resolución da concesión da solicitude de subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.

d) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

e) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e as detalladas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

f) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

O control das obrigas esixidas efectuarase mediante a comprobación de oficio.

**Base 13.- Xustificación das axudas**

A persoa beneficiaria das axudas deberá presentar no cuarto mes a contar a partir do día seguinte da publicación da concesión da subvención:

- a) Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- b) Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social correspondente actualizado á data de presentación da xustificación.
- c) Xustificantes bancarios de pagamento do alugueiro ou das cotas do préstamo hipotecario do local actualizados a dita data.

**Base 14.- Pagamento da subvención**

O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

No caso de incumprimento das obrigas, detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

**Base 15.- Reintegro das subvencións**

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerase polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante os 3 meses establecidos nas Bases reguladoras procederá o reintegro do importe da subvención por este concepto.

Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Órgano Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora até o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa parte.

**Base 16.- Recursos e impugnacións**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos términos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**Disposición final**

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras.

Será de aplicación, en todo aquilo que non se regulase nestas bases, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP nº 200 de 21 de outubro de 2019) e no seu defecto, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE nº 276, de 18 de novembro de 2003), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (DOG nº 121, de 25 de xuño de 2007), no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (BOE nº 176, de 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

Ferrol, 14 de xaneiro de 2021

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi.

Mª Teresa Deus Trasobares



**ANEXO I****Comercio**

- 615.6 Galerías de arte.
- 619.5 Comercio por xunto de papelería e escritorio, artigos de debuxo e belas artes.
- 64 Comercio polo miúdo de produtos de alimentación.
- 651 Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
- 652.2 Comercio polo miúdo de produtos de droguería, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.
- 652.3 Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética e de artigos para a hixiene e o aseo persoal.
- 652.4 Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbarios.
- 653 Comercio de artigos para o equipamento do fogar e a construción.
- 654.1 Comercio polo miúdo de vehículos terrestres.
- 654.2 Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambios para vehículos terrestres.
- 656 Comercio polo miúdos de bens usados, tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico
- 657 Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.2 Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficinas.
- 659.3 Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 659.4 Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5 Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relaxaría, prataría e bixutería.
- 659.6 Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e tocado, armas, cartuxaría e artigos de pirotecnia.
- 659.7 Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
- 659.9 Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.
- 662 Comercio mixto ou integrado polo miúdo.
- 663 Comercio fora dun establecemento.
- 691.1 Reparación de artigos eléctricos para o fogar.
- 691.9 Reparación doutros bens de consumo NCOP
- 755 Axencias de viaxes.
- 721.2 Transporte por autotaxis.
- 833 Promoción inmobiliaria.
- 933 Outras actividades de ensinanza.
- 971 Lavanderías, tinturerías e servizos similares.
- 972 Salóns de peiteado e institutos de beleza.
- 973.1 Servizos fotográficos.
- 973.3 Servizos de copias de documentos con máquinas fotocopiadoras.
- 975 Servizos de enmarcación.
- 967 Instalacións deportivas e escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.

**Hostalaría**

- 671 Servizos en restaurantes.
- 672 Cafeterías.
- 673 Cafés e bares, con e sen comida.

- 674.5 Servizos que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecementos análogos.
- 676 Servizos en chocolaterías, xeadarías e horchatarías.
- 681 Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis.
- 682 Servizo de hospedaxe en hoteis e pensións.
- 683 Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.
- 684 Servizo de hospedaxe-apartamentos.
- 687 Campamentos turísticos.
- 969.1 Salas de baile e discotecas.
- 969.2 Casinos de xogo.
- 969.3 Xogo de bingo.
- 969.4 Maquinas recreativas e de azar.
- 969.5 Xogos de billar, ping-pong, bolos e outros.
- 969.6 Salóns recreativos e de xogos.

#### **Cultura**

- 01 Actividades relacionadas co cine, o teatro e o circo.
- 02 Actividades relacionadas co baile.
- 03 Actividades coa música.
- 474 Artes gráficas (Impresión gráfica).
- 475 Actividades anexas ás artes gráficas.
- 476 Edición.
- 861 Pintores, escultores, ceramistas e artesáns.
- 882 Guías de turismo.
- 961 Producción e servizos relacionados coa mesma de películas cinematográficas (incluso vídeo).
- 963 Exhibición de películas cinematográficas e vídeos.
- 965 Espectáculos (excepto cine e deportes).
- 966.9 Outros servizos culturais NCOP.

#### **ANUNCIO**

**Bases reguladoras para la subvención del Plan de Mantenimiento e Impulso de la Actividad Económica en el término municipal de Ferrol con motivo de la crisis económica provocada por el Covid\_ 19 ( PAME 3) dirigida a los sectores de la restauración y hospedaje, ocio nocturno, comercio local y cultura.**

El Pleno del Ayuntamiento, en sesión celebrada el 29/12/2020 aprobó las Bases reguladoras para la subvención del Plan de Mantenimiento e Impulso de la Actividad Económica en el término municipal de Ferrol con motivo de la crisis económica provocada por el Covid\_ 19 ( PAME 3) y en la sesión del 14/01/2021 su modificación, que se transcriben a continuación:

**Bases reguladoras para la subvención del Plan de Mantenimiento e Impulso de la Actividad Económica en el término municipal de Ferrol con motivo de la crisis económica provocada por el Covid\_ 19 ( PAME 3) dirigida a los sectores de la restauración y hospedaje, ocio nocturno, comercio local y cultura.**

#### **Base 1.- Línea estratégica**

El papel de los ayuntamientos en la crisis económica que nos toca vivir es clave porque la Administración del Estado y autonómica proporcionan recursos estándar que únicamente los ayuntamientos pueden ensamblar y adaptar a su rea-

alidad local particular, ejerciendo sus competencias en materia de desarrollo económico local mediante el diseño de una estrategia de promoción económica capaz de identificar y valorizar los recursos y proceder a adaptar los programas a las necesidades locales.

Ese rol que cumplen las estructuras locales de apoyo al desarrollo local, lejos de invadir competencias o producir duplicidad alguna, hacen posible también la efectividad de la dimensión local del empleo que apunta tanto la Ley Nacional de Empleo (art. 4, R.D. L. 3/2015), como la Comisión Europea, que en su documento de Actuación local a favor del empleo para una estrategia europea del empleo, define el ámbito local como aquel nivel que permite detectar las necesidades locales no satisfechas por lo que lejos de ser un ámbito en el que únicamente se pongan en práctica decisiones adoptadas en otros ámbitos puede combinar diferentes instrumentos y desarrollar formas de dar valor añadido a las decisiones tomadas en niveles superiores alcanzando un nivel más adecuado de precisión en cada territorio.

